

<https://info.nodo50.org/O-relato-que-escoitamos-estes-dias-na-Audiencia-Nacional-e-un-pesadelo.html>



"O relato que escoitamos estes días na Audiencia Nacional é un pesadelo"

- Noticias - Noticias Destacadas -



Fecha de publicación en línea: Viernes 23 de octubre de 2020

Copyright © Nodo50 - Todos derechos reservados

Cuarta xornada do xuízo en Madrid contra 12 independentistas galegos.

"O relato que escoitamos estes días na Audiencia Nacional é un pesadelo". Así resumiu Joam Peres na cuarta xornada do xuízo que na Audiencia Nacional se segue contra el e outros 11 independentistas o que tiveron que escoiar estes días. Fíxoo na súa quenda de intervención e após facelo a Fiscalía e dous dos tres avogados da Defensa.

Peres narrou a súa detención hai 5 anos e como desde entón viviron un "mal soño" no que a vida das acusadas fica marcada por acusacións policiais e mediáticas e un proceso que se prolongou durante todo este tempo e que nestes días chegou á Audiencia Nacional. Defendeu que Causa Galiza actuou no marco da legalidade e negou que nos Día da Galiza Combatente houbera "enaltecer de actividades armadas".

Non hai, pois, "entramado" para enaltecer unha organización terrorista, da "que na Galiza ninguén coñece nin sabe dela". Tamén indicou que sabían ante que tribunal estaban. "Sabemos cal é a natureza da Audiencia Nacional", expresou, en referencia a como naceu do Tribunal de Orde Público (TOP) franquista e cal foi o seu papel desde entón e até de agora a respecto dos movementos independentistas.

"Somos e seremos independentistas, sexa cal sexa a sentenza, somos e seremos patriotas galegos", afirmou, antes de que o xuíz dese por rematado o que considerou "un mitin" cun escueto e rotundo: "Suficiente!".

A seguir, tomaron a a palabra outros 2 acusados, Arias Curto e Sabela Igrexas.

Antes, o ministerio fiscal retira a acusación dun delito de enaltecer do terrorismo, polo recebemento de Héctor Naya, Koala, a Óscar, Ugio e Afonso. Retirou tamén a acusación a Ugio Caamaño de pertencer a organización terrorista.

Mais mantivo o resto das súas acusacións inamovíbeis, sinalando Ceivar como organización que dá apoio e soporte a presos por acción violentas mentres Causa Galiza lexitimaría esas accións. Mantén pois a liña argumental de que na Galiza hai un 'entramado' centrado en enaltecer o terrorismo e do que farían parte as 12 acusadas. Algo que a defensa nega e se centrou en desmontar durante estas xornadas.